



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Atención á diversidade na educación física	Código	652603312	
Titulación	3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Valverde Romera, Joaquina	Correo electrónico	joaquina.valverde@udc.es	
Profesorado	Giraldez Garcia, Manuel Avelino Gomez Varela, Joaquin Montero Seoane, Antonio Valverde Romera, Joaquina	Correo electrónico	manuel.avelino.giraldez.garcia@udc.es joaquin.gomez.varela@udc.es antonio.montero.seoane@udc.es joaquina.valverde@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Partindo do principio de Atención á Diversidade, exporanse unha serie de temas referidos ás distintas necesidades especiais (anatomo-fisiolóxicas, psíquicas e sensoriais), como se poden abordar no ámbito da educación física (por exemplo, a través de actividades no medio natural), e cales son as posibles pautas de actuación ante cada caso. Para terminar, veranse aqueles aspectos deontolóxicos que están máis vinculados con esta materia en concreto.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Os contidos mantéñense integros.</p> <p>2. Metodoloxías 2.1.-Metodoloxías docentes que se manteñen: - Análise de fontes documentais (computa na avaliación). - Estudo de casos (computa na avaliación). 2.2.- Metodoloxías docentes que se modifican: - Discusión dirixida: se fose o caso, farase a través do Foro da plataforma Moodle. - Sesión maxistral: fariáanse aproveitando as ferramentas telemáticas da Universidade (Teams)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 3.1.- Correo electrónico institucional: diariamente. 3.2.- Moodle: Diariamente. 3.3.- Teams: Aproveitarase para facer un seguimento do traballo dos alumnos. A demanda.</p> <p>4. Modificacines na avaliación Mantense integra. *Observacións de avaliación: Manteranse os mesmos criterios dunha oportunidade e a consecutiva.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se fai ningunha modificación en ningún dos dous aspectos.</p>			



Código	Competencias / Resultados do título
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A2	(CE-G2)Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.
A4	(CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes
A8	(CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A10	(CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A11	(CE-G11)Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A14	(CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	(CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	(CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A28	(CE-E14)Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
A30	(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).
A34	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A37	(CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagóxica, o asesoramento a outros profesionais da educación, aos estudantes e ás familias (OE)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Mostrar unha actitude reflexiva ante a diversidade individual e social nas aulas e en concreto na educación física e o deporte escolar.	AP1 AP8 AP10 AP11 AP14 AP18 AP22 AP26 AP27		
Comprender a evolución do marco educativo legal que apoia a inclusión dos alumnos con discapacidade.	AP2 AP4 AP10 AP17		CM6
Coñecer as principais causas de discapacidade, inadaptación e dificultade para a integración en Educación Secundaria e ser capaz de identificar as necesidades especiais que requiren.	AP1 AP4		CM1 CM3 CM4 CM6 CM7
Coñecer os recursos dispoñibles e ser capaz de elaborar pautas de intervención para atender as necesidades especiais derivadas das discapacidades anatómico-fisiolóxicas para facilitar a plena integración e desenvolvemento de quen as presenta.	AP1 AP4 AP14 AP18 AP19 AP20 AP21 AP22 AP24 AP25 AP27 AP28		CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Coñecer os recursos dispoñibles e ser capaz de elaborar pautas de intervención para atender as necesidades especiais derivadas dos trastornos e deficiencias de orixe psíquica e da inadaptación social para facilitar a plena integración e desenvolvemento de quen os presenta.	AP1 AP4 AP14 AP18 AP19 AP20 AP21 AP22 AP25 AP27 AP28 AP30 AP34 AP37		CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8



Ser capaz de elaborar propostas de intervención desde unha postura coeducativa para a materia de educación física.	AP4 AP10 AP14 AP18 AP19 AP20 AP21 AP25 AP27 AP28	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Ser capaz de elaborar pautas de intervención desde unha postura multicultural para a materia de educación física e o centro escolar.	AP4 AP10 AP14 AP18 AP19 AP20 AP21 AP25 AP27 AP28	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Coñecer, aplicar e promover os principios éticos e deontolóxicos que deben rexer a actividade docente, especialmente na atención á diversidade.	AP8 AP10 AP14 AP15	CM1 CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I: Necesidades especiais de tipo anatómico-fisiolóxico.	I.1.- Discapacidades derivadas da perda ou anormalidade dunha estrutura ou función: conceptos e clasificación. I.2.- Características das discapacidades fisiolóxicas ou anatómicas. I.3.- Necesidades educativas nas discapacidades fisiolóxicas ou anatómicas. I.4.- Recursos para o ensino da educación física en persoas con discapacidade fisiolóxica ou anatómica.
BLOQUE II: Necesidades especiais de tipo psíquico e sensorial.	II.1.- O marco legal de apoio ás persoas con discapacidade psíquica e discapacidade sensorial. II.2.- Conceptos clave: discapacidade intelectual, trastornos de conduta, trastornos mentais, trastornos por déficit atencional e hiperactividade e discapacidade sensorial. II.3.- Ideas fundamentais sobre o ensino da educación física para estas poboacións.
BLOQUE III: A educación física, a discapacidade e o medio natural.	III.1.- As actividades na natureza como ferramenta de inclusión para o alumnado con discapacidade. III.2.- Actividades no medio natural para alumnos/as con discapacidade física, psíquica e/ou sensorial.
BLOQUE IV: Ética e deontoloxía en educación física escolar e deporte.	IV.1.- Moral e ética. IV.2.- Inclusión e exclusión. IV.3.- Ética e docencia. IV.4.- Ética e investigación. IV.5.- Código deontolóxico.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A4 A8 A10 A11 A14 A15 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7	10	20	30
Estudo de casos	A2 A4 A10 A14 A17 A18 A19 A20 A21 A24 A25 A27 A28 A30 A34 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	30	40
Discusión dirixida	A1 A2 A8 A10 A11 A14 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7	10	0	10
Sesión maxistral	A1 A4 A8 A10 A11 A14 A15 A18 A21 A22 A25 A26 A27 C1 C3 C4 C6 C7	10	0	10
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os estudantes farán unha procura de documentos bibliográficos actualizados (libros, artigos, textos lexislativos, referencias web, etc) que dalgún modo estean vinculados cos contidos específicos da materia. Posteriormente, procederase á súa análise e discusión.
Estudo de casos	Presentarase caso simulado dunha persoa ou colectivo con necesidades de diversificación e, a partir de aí, o estudante terá que ser capaz de planificar un deseño completo de actuación en educación física, considerando todos aqueles factores que inflúen na devandita programación.
Discusión dirixida	Con este tipo de metodoloxía, os estudantes reuniranse en grupos discutindo de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, proposto polo profesorado ou por eles mesmos, que poida resultar relevante para a materia. Aproveitarase a ocasión para constrastrar diferentes puntos de vista. O profesorado actuará como moderador.
Sesión maxistral	As sesións maxistrals reservaranse para facer intervencións puntuais por parte do docente, de forma oral e con apoio audiovisual, co fin de ampliar coñecementos específicos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os estudantes poderán consultar via email ou ben persoalmente, calquera dúbida que xurda por mor da realización dos traballos que terán que presentar para ser avaliados.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A4 A8 A10 A11 A14 A15 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7	Os estudantes presentarán un traballo en prazo e forma, no que recopilen información sobre algúns dos casos tratados durante as sesións. Terá que realizarse co consentimento e a supervisión do profesorado responsable.	40



Estudo de casos	A2 A4 A10 A14 A17 A18 A19 A20 A21 A24 A25 A27 A28 A30 A34 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Os estudantes presentarán unha breve planificación cos puntos fundamentais (obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades e avaliación) adaptada a tres alumnos con necesidades educativas específicas distintas. Tambien poderá presentarse unha proposta coeducativa (de xénero ou cultural).	60
-----------------	---	--	----

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Asociación Española de Deporte y Actividad Física Adaptada. Disponible en http://www.dafaweb.es Bobo-Arce, M. y Morales Caneiro, R (2013) Estrategias coeducativas en el aula formal de educación física. Una experiencia práctica . A Coruña: Universidade 2114 Botelho-Gomes, P. (2012) Igualdade de género na educación física. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 61-77. URI: http://hdl.handle.net/2183/9084 Código deontolóxico, disponible en la web http://www.consejo-colef.es-codigo-deontologico.html, recuperado el 19 de Enero de 2010. Fernández García, E. et al. (2010) Guía PAFIC, para la Promoción de la Actividad Física en Chicas. Anel Gráfica y Editorial S.L. Granada.</p> <p>Guede García, F. J. (2012) Estratexias de coeducación na aula de Educación Física. Unha experiencia práctica. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 149-154.URI: http://hdl.handle.net/2183/9085</p> <p>Heinemann, K. (2006) Ética de la responsabilidad en las organizaciones deportivas.Revista Internacional de Sociología. Vol. LXIV, nº 44, 153-176. Hernández, F.J. (2012). Inclusión en educación física. Barcelona. Inde. Iglesias Galdo, A. (2012) Un reto de extraordinaria actualidad: educar para a igualdade.. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 105-116. Disponible en http://hdl.handle.net/2183/9082</p> <p>LLeixa, TFlecha, R.; Puigvert, L;Contreras,O ;Torralba;M.A y Bantulá, J. (2002) Multiculturalismo y Educación Física. Barcelona: Paidotribo</p> <p>Marchi Júnior, W. y Padeski Ferreira, A.L. (2009) Formação acadêmica e intervenção profissional nos Esportes: repensando a Educação Física. Revista Motriz, Rio Claro, v.15, nº 1,162-172. Mendoza Laiz, N. (2009). Propuestas prácticas de educación física inclusiva para la etapa de secundaria. Barcelona. Inde. Moreno, J. A.; Sicilia, A.; Martínez, C.; Alonso, N. (2008). Coeducación y climas de aprendizaje en educación física. Aportaciones desde la teoría de Metas de Logro. Revista Internacional de Ciencias del Deporte, 11(4), 42-64. Disponible en http://www.cafyd.com/REVISTA/01104.pdf</p> <p>Pérez Brunicardi, D; López Pastor, V.M. y Iglesias Sanz, P. (2004). La atención a la diversidad en educación física. Sevilla. Wanceulen. Pérez Brunicardi, D; López Pastor, V.M. y Iglesias Sanz, P. (2004). La atención a la diversidad en educación física. Sevilla. Wanceulen.</p> <p>Ríos, M; Ruiz, P. y Carol, N. (Coords.)(2014). La inclusión en la actividad física y deportiva. Madrid. Comité Paralímpico Español. Roca, M; Alvaríñas, M.; Fernández Villarino, M.A.; Toja, B.; Pillado, N. Mirás, A. y Rodríguez, P. (2008) ¡Todos para uno y uno para todos! Cuadernos de Pedagogía, 376, 32-35.The National Center on Physical Activity and Disability. Disponible en http://www.ncpad.org/index.php</p> <p>Vázquez, B y Álvarez, G. (coord.) (1990) Guía para una Educación Física no sexista. MEC. Madrid</p> <p>World Health Organization. International Classification of Functioning, Disability and Health (ICF). Disponible en http://www.who.int/classifications/icf/en/</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías